



ASOCIACIÓN VIEIRO

PAF

GRUPOS DE APOIO A FAMILIAS

Curso de apoio a familias de persoas con adicción

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O descubrimento da drogadicción produce no grupo familiar unha situación de crise. A sensación de impotencia que isto produce na familia paraliza os mecanismos habituais para facer fronte á angustia e para resolver os problemas. Créase así unha sensación de impotencia, desvalemento e culpabilización, que contribúe a que a resposta familiar ante o problema careza da eficacia necesaria, levando esta situación ás seguintes consecuencias:

- Desautorización dos pais/nais ante os seus fillos/as, incrementando deste xeito, a perda de control sobre a situación.
- Estancamento das relacións familiares, quedando polarizadas en torno ao conflito da drogodependencia.
- Dificultade de desenvolvemento individual en todos ou algúns dos membros da familia.

2.- OBXECTIVOS

- Crear e ofrecer un espazo onde a familia poida expresarse e falar dos seus problemas.
- Crear a conciencia de que o problema da adicción é de todos/as.
- Facilitar información creando crear canles de comunicación.
- Apoiar aos/ás pais/nais con fillos/as que consumen ou teñan consumido.
- Describir o proceso que segue unha familia desde que descubre que ten un/a fillo/a adicto/a.
- Ofrecer á familia unha actuación ante a adicción
- Coñecer o perfil do/a adicto/a



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Ensinar a manexar a manipulación no proceso aditivo por parte dos familiares de dependentes cando inician un proceso de rehabilitación

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria deste programa son as familias nas que hai algún membro que presenta unha conduta aditiva e que queren compartir a súa experiencia.

4.- METODOLOXÍA

Facilítase aos/ás integrantes un espazo onde poidan falar e expresarse. Ofrécese información a través de canles de comunicación favorecendo o sentido de pertenza e de identidade cos demais, así como a aceptación por parte dos/as outros/as. Así mesmo durante o programa créase un ambiente de contención de sentimentos e de confidencialidade que se requiren para poñer en perspectiva a propia situación sempre desde o respecto.

5.- CONTIDOS

- Proceso nunha familia ante el descubrimento dun membro adicto/a.
- Creación de canles de comunicación
- Estratexias de actuación ante unha adicción
- Apoio a familias con fillos/as consumidores/as
- Perfil do/a adicto/a
- Manexo da manipulación nun proceso aditivo ao comezo dun proceso de rehabilitación.



ASOCIACIÓN VIEIRO

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Na sede da entidade

7.- DURACIÓN

A duración aproximada é dun período de 3 meses

A periodicidade, quincenal e a duración das sesións de 2 horas levándose a cabo nunha hora convida polo grupo.